



AVISO DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 4/11/2025

TIPOLOXÍA: CHOIVA E VENTO

NIVEL DE ALERTA: AMARELO

A Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) informa no boletín 312/71GAL emitido ás 11.27 horas de hoxe dun fenómeno meteorolóxico adverso de nivel **AMARELO** por **CHOIVAS** que afectará **A CORUÑA, PONTEVEDRA E OURENSE (NOROESTE, MIÑO E SUR)** dende as primeiras horas da noite do día de hoxe e ata a media tarde de mañá día **5/11/2025**. A precipitación acumulada pode acadar os 20 mm nunha hora e os 60 mm en 12 horas.

No mesmo boletín infórmase dun fenómeno adverso de nivel **AMARELO** por **VENTO**, en **curso** que está afectar **A CORUÑA, PONTEVEDRA E OURENSE (MONTAÑA)** e que se prolongará ata o mediodía do **5/11/2025**, onde pódense acadar ventos de ata 90 km/h. Este mesmo fenómeno afectará á **LUGO (MONTAÑA)** a partir das primeiras horas da tarde de hoxe e ata o mediodía de mañá **5/11/2025**, onde se poden acadar ventos de ata 80 km/h.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos: **ADOPTEN** as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, **ALERTEN** ou **MOBILICEN** aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de precisar información máis puntual ou desagregada, chame ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112 Galicia, ou consulte a páxina web da AEMET: www.aemet.es, do CIAE 112: www.axega112.gal, e de Meteogalicia: www.meteogalicia.es